

pecedo 5-3-01



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS

(Pontevedra)

ESPACIOS PORTUARIOS DO PORTO DE VIGO NO CONCELLO DE CANGAS FORMULADO POLA AUTORIDADE PORTUARIA.

Antecedentes: con data do 7 de febreiro do 2001 ten entrada no rexistro do concello oficio da Autoridade Portuaria de Vigo, no que solicitan informe sobre o Plan de Utilización dos espazos portuarios na zona de servizo do Porto de Vigo, correspondente ó Concello de Cangas.

No escrito indicado advírtese que o Plan de Utilización remitido delimita unha zona de servizo que inclúe as superficies de terra e auga necesarias para as actividades propias do porto, ademáis doutras áreas destinadas a tarefas complementarias e espazos de reserva que garanten a posibilidade de desenvolvemento da actividade portuaria.

No expediente consta informe de data 22.2.01 do arquitecto colaborador do concello; informe de data 23.2.01 do secretario da corporación; e informe de data 26.2.01 do equipo redactor do P.X.O.M., actualmente en fase de avance.

A Comisión Informativa de Urbanismo na súa sesión de data 23.2.01, dictamina favorablemente o Plan de Utilización presentado, advertindo, de conformidade co informe do secretario, que no parágrafo 9.2 deberase preve-lo compromiso de formular perante o concello, dentro dun período razoable, o Plan Especial do Porto de Vigo no Concello de Cangas.

Intervencións:

- **Sr. Gómez Millán:** o grupo municipal do P.P. está de acordo co dictame emitido, malia iso, dado que tal dictame é posterior á presentación do informe do equipo redactor do PXOM, propoñemos a emenda de dito dictame no sentido de instar á Autoridade Portuaria á tramitación conxunta do Plan Xeral de Ordenación Municipal e do Sistema Xeral de Espazos Portuarios, mediante a formulación do correspondente Plan Especial.

- **Sr. Abalo Costa:** trátase outra vez de impoñer uns criterios non consensuados, non existiron entre o equipo de goberno e a Autoridade Portuaria ningún tipo de conversas, preséntase un Plan de Utilidade co único fin de beneficiar certos intereses particulares. Creo que este punto debe retirarse e retomar ou iniciar unha negociación que impida calquera decisión non consensuada.

- **Sr. Chillón Iglesias:** o importante é a elaboración dun Plan Especial para esa zona co consenso das tres administracións implicadas. Non podemos



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS

(Pontevedra)

abandona-lo porto á concreción, cando na nosa man está un desenvolvemento detallado, mediante a aprobación dun Plan Especial. ¿Que xestións se fixeron coa Autoridade Portuaria?

- **Sr. Abalde Novas:** supoñemos que este documento o único que intenta é ser un instrumento previo á formulación do Plan Especial que virá a continuación. A nosa proposta é tamén devolver á Autoridade Portuaria o documento presentado, que o rectifique e que prevexa para esa zona unha visión de futuro que de momento non existe. É inadmisíbel que se diga que o ámbito actual da zona de dominio público portuario é suficiente para o tráfico existente, iso quere dicir que para o Porto de Cangas non existe desenvolvemento futuro, que nos imos quedar como estamos, que imos seguir minorando respecto do Porto de Vigo. Exemplo claro desta cada vez menor importancia é que en 1991, Cangas soportaba o 23% do tráfico portuario de Vigo, agora tan só o Porto de Cangas representa o 10%, se continuamos con esta previsión esa porcentaxe cada vez será menor o que conlevará a ausencia de novos postos de traballo. O Porto de Cangas necesita doutras previsións máis ambiciosas e require unha previsión de futuro.

- **Sr. López Gutiérrez:** apoiamos a proposta que se vai someter a votación no suposto de que mencionase un prazo de seis meses para comeza-la formulación do Plan Especial.

Votación e acordo: o Concello Pleno, de conformidade co informe do secretario e do equipo redactor do P.X.O.M., en virtude do dictaminado na Comisión Informativa de Urbanismo, cos votos dos/as Sres./as concelleiros/as D. JOSÉ BERMÚDEZ FERNÁNDEZ, D. LUÍS BOULLOSA NORES, D^a ALBA CORDEIRO MAGDALENO, D. BERNARDINO FARO LAGOÀ, D. MIGUEL ANGEL GÓMEZ MILLÁN, D. JACINTO PAZÓ BARREIRO, D. JOSÉ PENA CALVAR, D. JOSÉ RODAL GONZÁLEZ, D. CARLOS LUIS VÁZQUEZ MARINELLI, D^a LAURA VIDAL OGANDO, e do Sr. alcalde, as abstencións dos/as Sres./as concelleiros/as, D. XOAN CARLOS CHILLÓN IGLESIAS, D^a M^a MERCEDES GIRÁLDEZ SANTOS, D. EULOXIO LÓPEZ GUTIÉRREZ, D^a CLARA MILLÁN GONZÁLEZ, D. SEVERINO NOVAS VALLADARES, D. ROBERTO TOURIÑO GONZÁLEZ, D. TOMÁS ABALDE NOVAS, D^a ENCARNACIÓN SANTOS PAREDES, e a non entrada en votación de D. MARIANO ABALO COSTA, acorda:

PRIMEIRO.- Informar favorablemente o Plan de Utilización dos espazos portuarios na zona de servizo do Porto de Vigo, correspondente ó Concello de Cangas, baixo a condición de que pola Autoridade Portuaria se proceda a formular simultaneamente coa formulación do Plan Xeral de ordenación municipal de Cangas, actualmente en fase de avance, o Plan Especial do Porto de Vigo no



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS

(Pontevedra)

Concello de Cangas, co fin de que este instrumento urbanístico garante, dunha maneira real, unha eficiente explotación do espazo portuario, o seu desenvolvemento e a súa conexión cos sistemas xerais de transporte terrestre que prevexa o P.X.O.M.